

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 27.07.2020**

Celebración do Pleno ordinario sendo ás 20:00 horas do día 27 de xullo de 2020 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### **ASISTENTES:**

#### **SR. ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Xosé Lois García Carballido

#### **SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES:**

##### **Polo PSdeG-PSOE:**

D. Miguel Ángel González Gómez.

D<sup>a</sup>. Raquel Fondo Pérez

D. Faustino Santiago Lema

D<sup>a</sup>. Noelia María Varela Suárez

D<sup>a</sup>. Ana Pérez Imia

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D<sup>a</sup>. María Teresa Chouciño Calvete

##### **Polo Partido Popular, PP:**

D<sup>a</sup>. Marta María Carrillo Aguiar

D<sup>a</sup>. Beatriz Martínez Calvo

##### **Por APIN-SON Ponteceso:**

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

#### **SRES. CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-**

D. Jesus Daniel García Cotelo

**SECRETARIA : D<sup>a</sup> ANTÍA PENA DORADO**

**INTERVENTORA: D<sup>a</sup>. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ**

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión. A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## PARTE RESOLUTIVA

### 1º. APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-

Correspondentes á sesión do Pleno ordinaria celebrada o día 25.05.2020 e a do 15.06.2020 de carácter extraordinario urgente

Por parte do Sr. Alcalde pregúntase se existe algunha aclaración respecto das actas. Non existindo aclaracións ao respecto as actas quedan aprobadas por unanimidade.

### 2. PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2020

Por parte do Sr. Alcalde dase a palabra a Secretaria que procede a leer a proposta de alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas de 22.07.2020

#### PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a providencia de alcaldía de 16.07.2020 de inicio de expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/2020.

Visto o informe de intervención referencia LMR extraxudicial 2/2020 de data 16.07.2020.

En virtude do exposto, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- O levantamento dos reparos suspensivos emitidos pola interventora por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL, en relación á totalidade dos gastos obxecto do recoñecemento extraxudicial nº 2/2020.

2.- A aprobación do recoñecemento extraxudicial nº 2/2020 conformado polos seguintes gastos:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Nome	Texto Explicativo	Programa	Económica
F/2020/952	27/04/20	0000	27/04/2020	1.080,00	ASOCIACION NACIONAL DE	Seguro de voluntarios de Protección Civil 2019. SUPPLIDO	135	22400

CONCELLO DE PONTECESO  
 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

					AGRUPACIONES DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL	Xosé Lois García Carballido		
202000000632	08/06/2020			305,33	AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE PONTECESO	Desprazamentos de voluntarios da agrupación do 06/07/2019 a 10/02/2020	135	23120
<b>TOTAL</b>				<b>1.385,33</b>				

Por parte de Alcaldía dase a palabra á voceira do PP, Sra. Marta Carrillo Aguiar que pregunta se o servizo de protección civil está para atender nos bares e os mitins do PSOE e BNG.

No uso da palabra, o voceiro de APIN, Sr Jose Manuel Pose Verdes indica que tal como indicou na Comisión informativa no seu momento falouse de que equipo de protección civil tivera unha subvención para que se xestionase directamente por eles , no que se incluírían as actividades e seguro, e así non habería que acudir a un novo Recoñecemento extraxudicial de crédito.

Engade que se leva catro anos con esa idea e aínda non se fixo nada. Por outra banda non entende se o recibo do seguro correspóndese co período do 2019 ou 2020, posto que se corresponde co deste ano este REC non tería sentido e se corresponde co 2019, aínda quedaría pendente o do 2020.

Por parte do Sr Alcalde tómase a palabra que comeza agradecendo a labor de protección civil neste meses.

Contesta á Sra. Carrillo dicindo que todas as actividades do equipo de protección civil son moi importantes, e invita ao Presidente da agrupación a que lle ensine a memoria de todas actividade realizadas ( como foi a crise da auga en Corme, co coronavirus...).

No que respecta ao voceiro de APIN contesta que está pendente incluír ese tipo de subvención nos orzamentos, pero o problema que xurde é que non son prepagables, por eso prefiro someter á consideración do pleno, esperando que voten a favor.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Na segunda rolda de intervencións, a voceira do PP, Sra Carrillo, indica que non dubida da gran labor que realiza a agrupación de protección civil, pero si que se abusa deles para outro tipo de actividades que non son menester.

Por parte do voceiro de APIN, Sr Pose, incídese en que se aclare a que anualidade corresponde o pago do seguro.

O Sr Alcalde responde que o seguro págase por resolución de alcaldía, dado que nos orzamentos municipais existen gastos consignados para a agrupación.

Por parte da Sra Carrillo incídese no abuso da agrupación para funcións que non son propias, como son a festa da faba ou mitins políticos.

O Sr. Alcalde dalle á palabra o Concelleiro dlegado en materia de emerxencias, Sr. Santiago Lema que aclara que a presenza da agrupación neste tipo de eventos é para garantir a seguridade da cidadanía .

O Sr Alcalde remata dicindo que lle doe moito a consideración do Partido Popular e esperan que voten a favor.

Finalizado a debate ,sométese a votación, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 do PSOE

Votos en contra: 0

Abstencións: 4 (2 PP e 2 APIN).

Polo que o pleno por maioría absoluta acorda:

1.- O levantamento dos reparos suspensivos emitidos pola interventora por aplicación do artigo 216.2.c) do TRLFL, en relación á totalidade dos gastos obxecto do recoñecemento extraxudicial nº 2/2020.

2.- A aprobación do recoñecemento extraxudicial nº 2/2020 conformado polos seguintes gastos:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Nome	Texto Explicativo	Programa	Económica
F/2020/952	27/04/2020	0000	27/04/2020	1.080,00	ASOCIACION NACIONAL DE AGRUPACIONES DE	Seguro de voluntarios de Protección Civil 2019. SUPPLIDO Xosé Lois García Carballido	135	22400

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL.:  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Pontecesoso (A Coruña)

					VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL			
202000000632	08/06/20			305,33	AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE PONTECESO	Desprazamentos de voluntarios da agrupación do 06/07/2019 a 10/02/2020	135	23120
				<b>TOTAL</b>	<b>1.385,33</b>			

### 3. PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA ADHESIÓN AO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA. EXPD: 2020/G006/000012.

Por parte do Sr Alcalde dase a palabra a Sra. Secretaria, que procede a lectura da proposta de alcaldía ditaminada favorablemente na comisión informativa de asuntos xerais o 22.07.2020:

"A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea.

Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors' Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba

981 71 40 0

981 71 50 2

concello@p

P1506900H

01150682

MU 2000/15



Tel.:

Fax:

E-mail:

CIF:

REL. :

RELG.:

#### CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático. O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático.

Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable. Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación.

As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

Logo de ver o Certificado de Existencia de crédito do 9.07.2020.

Tendo en conta o artigo 25.2.b) que regula a competencia dos concellos en protección contra a contaminación atmosféricas nas zonas urbanas e a Lei 1/95 de 2 de xaneiro , de protección ambiental de Galicia que atribúe competencias a administración local en materia de medio ambiente, e en concreto no seu artigo 25.1 establece "A acción administrativa nesta materia estará orientada á consecución dun pacto ambiental para as situacións máis conflitivas, así como para acometer aquelas que poidan mellorar a imaxe pública das empresas a través dos instrumentos de participación dispositiva das mesmas e dos cidadáns na

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL.:  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

defensa do medio, podendo estenderse a estratexias e accións de carácter local ou comarcal.”

Considerando o disposto nos artigos 22.2.b e 47 da Lei 7/85, o artigo 64 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

### **Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa:**

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Ponteceso ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea, que supón a subscripción dos seguintes compromisos:

- Levar a cabo un inventario de emisións de referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do cambio climático.
- Presentar un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible nun prazo de dous anos a partir da data da decisión do Concello.
- Elaborar un informe de situación polo menos cada dous anos a partir da presentación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible con fins de avaliación, seguimento e control.
  - Aceptar que se suspenda a participación desta administración local na iniciativa, previa notificación por escrito da Oficina do Pacto dos Alcaldes, en caso de non presentar os documentos mencionados, é dicir, o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible e os informes de situación, nos prazos establecidos.

. SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outra actuación que requira a súa execución.”

Na primeira rolda de intervencións, a voceira do PP, Sra Carrillo, indica que lle parece un gasto innecesario. Trátase dun investimento que non é imprescindible, dado que pode facer certas melloras e non adherirse a este convenio que por si so xera uns gastos.

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro de APIN , que non fai uso do mesma.

O Sr Alcalde no uso da palabra sorpréndelle a postura do PP, posto que por parte da Xunta de Galicia levan dous anos insistindo en que nos adhiramos.

Trátase que dende o eido local se pense en global contribuindo a redución da pegada do carbono, e pon de exemplo o illamento que se puxo na gardería que contribuiu a reducir esa pegada.

Na segunda rolda de intervencións, a Sra Carrillo indicalle ao Sr Alcalde que él é o rexidro, e él debe saber o que pode asumir Ponteceso.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Non sendo necesarias máis aclaracións, sométese a votación, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 do PSOE e 2 APIN

Votos en contra: 2 PP

Abstencións: 0

Polo que o pleno, por maioría absoluta ( 10 votos), acorda:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Ponteceso ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea, que supón a subscripción dos seguintes compromisos:

- Levar a cabo un inventario de emisións de referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do cambio climático.
- Presentar un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible nun prazo de dous anos a partir da data da decisión do Concello.
- Elaborar un informe de situación polo menos cada dous anos a partir da presentación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible con fins de avaliación, seguimento e control.
  - Aceptar que se suspenda a participación desta administración local na iniciativa, previa notificación por escrito da Oficina do Pacto dos Alcaldes, en caso de non presentar os documentos mencionados, é dicir, o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible e os informes de situación, nos prazos establecidos.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outra actuación que requira a súa execución.

#### **4. CONTESTACIÓN ALEGACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2020. EXPD:2020/X999/000124.**

Por parte do Sr. Alcalde dase a palabra a Sra. Secretaria que procede a dar lectura a proposta de alcaldía ditaminada favorablemente na comisión informativa de asuntos xerais, que no seu teor literal di:

“Don Xose Lois García Carballido, alcalde-presidente do Concello de Ponteceso, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Logo de ver o Orzamento Xeral do Concello de Ponteceso para o exercicio 2020, aprobado inicialmente en sesión plenaria de 17.12.2019 e definitivamente por edicto inserido no BOP núm. 14 de 22.01.2020 así como o Anexo de persoal ao Orzamento Xeral do Concello de Ponteceso para o exercicio 2020.





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Pontecesos (A Coruña)

Tendo en conta a memoria e Proposta de Alcaldía de data 12.03.2020 de modificación do anexo de persoal do orzamento municipal 2020

Tendo en conta a convocatoria da Mesa Xeral de Negociación o 12.03.2020 para o día 17.03.2020.

Logo de ver o Informe do secretario accidental de 13.03.2020 así como o informe de intervención municipal do 15.03.2020

Tendo en conta a comunicación electrónica do CSIF do día 12.03.2020 en relación coa convocatoria do 17.03.2020

Logo de ver a acta de mesa Xeral de Negociación do 17.03.2020.

Logo de ver que por acordo plenario do 18.03.2020 aprobouse inicialmente a modificación do anexo de persoal e plantexa municipal e se acorda un prazo de exposición pública de 15 días hábiles, que foi publicado no BOP nº 55 o 27.03.2020.

Tendo en conta o Informe da encargada de rexistro do 7.07.2020 no que se establece que no período de exposición pública consta escrito de alegacións presentado por Alfonso Espiñeira Espiñeira, en calidade do Presidente do Sector de Administración Local de A Coruña da Central Sindical Independiente y de Funcionarios ( en diante CSIF) o 8.04.2020 e alegacións presentadas por Lourdes Pedrazuela Bea , en representación de Unión Sindical Obrera o 18.06.2020.

Logo de ver o informe xurídico da Secretaria da Corporación do 10.07.2020 do seguinte teor literal:

**"TERCEIRO. ALEGACIONES PRESENTADAS.**

**A) As alegacións presentadas polo Sindicato CSIF fundaméntase na falta de negociación real da modificación do anexo de persoal dado a crise sanitaria provocada polo COVID-19.**

#### **LEXITIMACIÓN ACTIVA:**

*A modificación do anexo de persoal forma parte do contido dos presupostos conforme o artigo 168.c ) do RDL 2/2004, que o configura como un anexo do orzamento xeral. Neste sentido a modificación do mesmo rexeráse polas normas de publicidade , aprobación definitiva e entrada en vigor previstas no artigo 169 do RDL 2/2004.*

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Pontecesos (A Coruña)

*Conforme o artigo 170 c ) están lexitimados para interpor reclamacións os colexios oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por os intereses profesionais ou económicos e veciñais , cando actúen en defensa dos que lle son propios.*

*Tendo en conta o anterior, enténdese por parte da que subscribe que están lexitimados.*

### **FUNDAMENTACIÓN ALEGACIÓN PRESENTADAS:**

*As alegacións presentadas polo Sindicato CSIF fundaméntase na falta de negociación real da modificación do anexo de persoal dado a crise sanitaria provocada polo COVID-19 solicitando a nulidade do acto publicado no BOP nº 55 de 27 de marzo de 2020.*

*Respecto alegacións compre facer as seguintes matizacións:*

*A convocatoria da mesa xeral de negociación fíxose o 12.03.2020,e notificouse electrónicamente ao delegado de persoal, CSIF e comité de empresa, prevéndose a súa realización o día 17.03.2020.*

*Ese mesmo día o CSIF presenta un comunicado no que solicita o aprazamento da Mesa de Negociación ata que se resolva a situación de pre-alarma derivada da emerxencia sanitaria do COVID-19.*

*A situación de emerxencia xerada pola evolución de coronavirus COVID-19 levou ao Goberno para decretar o estado de alarma polo RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

*Esta norma regulou no seu art. 6 a xestión ordinaria dos servizos nos seguintes termos:*

*“Cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente para os efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5.”*

*Por outra banda a disposición adicional 3ª na súa redacción inicial establecía o seguinte:*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

*-“1. Suspéndense os prazos e interrompense os prazos de tramitación das entidades do sector público. O cálculo dos termos retomarase no momento en que o presente real decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas, perdan a súa validez.*

*- 2. A suspensión de prazos e a interrupción de prazos aplicaranse a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*- 3. Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de xestión e instrución estritamente necesarias para evitar danos graves aos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este exprese o seu acordo, ou cando o interesado manifesta o seu acordo de que o prazo non se suspende.*

*- 4. Esta disposición non afectará aos procedementos e resolucións a que se refire o parágrafo primeiro, cando se refiren a situacións intimamente relacionadas cos feitos que xustifiquen o estado de alarma.”*

*Para articular as medidas de restrición sinaladas é competente o Alcalde nas circunstancias que nos ocupan, ao amparo do art. 21.1. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local - LRBRL-xa que ostenta a atribución de adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ao Pleno. Neste sentido por parte de Alcaldía ditouse unha resolución o día 13 de marzo de 2020 no que establecía unha serie de medidas en relación co COVID-19, entre as que cabe sinalar a limitación das celebracións de reunións e a preferencia de utilización do sistema da videoconferencia e a suspensión provisional de celebración de sesión pública da corporación.*

*Compre facer unha última matización, posto que o día de celebración da Mesa xeral de negociación, o Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, introduce unha importante modificación na disposición adicional terceira do RD 463/2020, pois fronte a redacción inicial do apartado cuarto da disposición adicional terceira introduce un novo apartado que di:*

*“ Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

*que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.”*

*Fai falla indicar, que se esta redacción formara parte do texto orixinal da Disposición Adicional 3º do RD 463/2020, do 14 de marzo, a mesma posibilitaba a continuación dos procedementos que se xustificasen razón de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos, supoñendo un cambio sustancial respecto o paradigma establecido o 14 de marzo. Neste sentido a modificación do anexo de persoal incorporaba unha memoria de alcaldía e proposta no que se analizaban déficits estruturais que existían na Plantexa de persoal do Concello de Ponteceso e neste suposto podería haberse xustificado a continuación do procedemento debidamente.*

*Tendo conta o anterior, considérase por parte da que suscribe, que por seguridade xurídica e dado a voráxine normativa deses días, se ben no momento da convocatoria da mesa xeral de negociación non estaba en vigor o estado de alarma e súa convocatoria fíxose conforme a dereito, co decreto do Estado de alarma o 14 de marzo, e tendo en conta a disposición adicional terceira , por parte de Alcaldía deberíase de haber levantado a celebración da sesión dacordo coa disposición adicional 3ª, apartado un, no que se establecía ” Suspéndense os prazos e interrompense os prazos de tramitación das entidades do sector público. O cálculo dos termos retomarase no momento en que o presente real decreto ou, no seu caso, as súas prórrogas, perdan a súa validez. “, posto que nese momento soamente era posible acordar medidas de xestión e instrucción estritamente necesarias para evitar danos graves ou cando o interesado manifeste a súa conformidade coa non suspensión do procedemento.*

*Por outrabanda, esta suspensión non afectaba aos procedementos e resolucións cando se refiren a situacións intimamente relacionadas cos feitos que xustifiquen o estado de alarma ( que non é predicable para unha modificación do anexo de persoal)*

*Finalmente alegáse por parte do CSIF que a modificación do anexo de persoal fíxose sin os requisitos preceptivos , facendo mención dos artigos 152 e 153 da Lei de emprego público de Galicia.*

*Por parte da que suscribe enténdese que a convocatoria da Mesa Xeral de Negociación respetou o preceptuado no artigo 152 da Lei de emprego público de Galicia. Sen embargo, aínda que consta acta da celebración da Mesa xeral de negociación do 17.03.2020, podería entenderse que se vulnerou algunha das regras para a formación dos órganos colexiados. Considérase que ao estar nunha fase inicial da aprobación da modificación do anexo de persoal , non compre acordar a nulidade*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

*das actuacións, posto que coa estimación parcial das alegacións podería retrotraerse o procedemento e volver a facer unha negociación garantindo o establecido no artigo 152 e 153 da Lei de emprego público de Galicia que a continuación se transcriben:*

*“1. Poderá constituírse unha Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas Galegas. A representación destas será unitaria, estará presidida pola persoa titular da consellería competente en materia de función pública e contará con representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias e das universidades públicas galegas, en función das materias para negociar.*

*A representación das organizacións sindicais lexitimadas para estar presentes de acordo co disposto nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, ou normas que os substitúan, distribuirase en función dos resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal, delegados de persoal, xuntas de persoal e comités de empresa, no conxunto das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei.*

*Serán materias obxecto de negociación nesta mesa as que resulten susceptibles de regulación autonómica e, en particular, o incremento global das retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas que corresponda incluír na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.*

*2. Para a negociación de todas aquelas materias e condicións de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral, constituirase na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades locais incluídas no ámbito de aplicación da presente lei unha Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos.*

*Son de aplicación a estas mesas xerais os criterios establecidos no apartado anterior sobre representación das organizacións sindicais na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas Galegas, tomando en consideración en cada caso os resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal funcionario e laboral do correspondente ámbito de representación.*

***Ademais, tamén estarán presentes nestas mesas xerais as organizacións sindicais que formen parte da Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas Galegas, sempre que obtivesen o dez por cento da representación do persoal funcionario ou do persoal laboral no ámbito correspondente á mesa de que se trate.***

*Artigo 153. Materias obxecto de negociación en relación co persoal funcionario.*

*1. Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as materias seguintes:*

*a) A aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas que se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- b) *A determinación e aplicación das retribucións complementarias do persoal funcionario.*
- c) **As normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.**
- d) *As normas que fixen os criterios e mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño.*
- e) *Os plans de previsión social complementaria.*
- f) *Os criterios xerais dos plans e fondos para a formación e a promoción interna.*
- g) *Os criterios xerais para a determinación de prestacións sociais e pensións de clases pasivas.*
- h) *As propostas sobre dereitos sindicais e de participación.*
- i) *Os criterios xerais de acción social.*
- j) *As que así se establezan na normativa de prevención de riscos laborais.*
- k) *As que afecten as condicións de traballo e ás retribucións do persoal funcionario que teñan que ser reguladas por norma con rango de lei.*
- l) *Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público.*
- m) *As referidas ao calendario laboral, horarios, xornadas, vacacións, permisos e licenzas, á mobilidade funcional e xeográfica, así como os criterios xerais sobre a planificación estratéxica dos recursos humanos, naqueles aspectos que afecten as condicións de traballo dos empregados públicos."*

**B) Constan alegacións presentadas por Unión Sindical Obrera no que compren facer as seguintes consideracións:**

**LEXITIMACIÓN ACTIVA:** *A modificación do anexo de personal forma parte do contido dos presupostos conforme o artigo 168.c ) do RDL 2/2004, que o configura como un anexo o orzamento xeral. Neste sentido a modificación do mesmo rexerese polas normas de publicidade , aprobación definitiva e entrada en vigor previstas no artigo 169 do RDL 2/2004.*

*Conforme o artigo 170 c ) están lexitimados para interpor reclamacións os colexios oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por os intereses profesionais ou económicos e veciñais , cando actúen en defensa dos que lle son propios.*

*Tendo en conta o anterior, enténdese por parte da que subscribe lexitimación activa de Unión Sindical Obrera.*

**PRESENTACIÓN EN PLAZO:** *consta a presentación da alegación de Unión Sindical Obrera o 19 de xuño de 2020. Se ben o prazo para a presentación de alegacións era de 15 días hábiles dende a súa publicación dacordo co artigo 169 do RD 2/2004,*

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

*rematando de forma ordinaria o día 21 de abril de 2020, co decreto do estado de alarma regulado no RD 463/2020, de 14 marzo decretouse a suspensión e interrupción de todos os prazos administrativos, que non foron reanudados ata o 1de xuño de 2020 conforme Resolución do 20 de maio de 2020, do Congreso dos Diputados , pola que se acorda a autorización da prorroga do estado de alarma declarado por RD 463/2020 de 14 de marzo, polo que se entende que está en prazo.*

### **FUNDAMENTACION DAS ALEGACIÓNS:**

*Entendese que non procede admitir a trámite as alegacións, pois manifestan estar totalmente dacordo coa aprobación inicial da modificación do anexo de persoal. A maiores solicitan que se proceda a conversión de plazas de persoal laboral en persoal funcionario e que se proceda a realizar un procedemento de funcionarización do persoal laboral fixo, non procedendo a súa admisión posto que esas suxerencias sobrepasan o alcance do contido da aprobación inicial , requirindo dunha tramitación administrativa específica e informes preceptivos correspondentes.*

### **CONCLUSIÓNS:**

*Respecto das alegacións presentadas polo Sindicato CSIF considérase que procede a estimación parcial das alegacións dacordo cos argumentos establecido no informe, garantindo así a seguridade xurídica e procedendo a deixar sin efecto a aprobación inicial da modificación do anexo de persoal e retrotraendo as actuacións ata o momento da convocatoria dunha nova Mesa Xeral de Negociación que garanta o establecido no artigo 152 da Lei de emprego público de Galicia.*

*Respecto das alegación presentadas por Unión Sindical Obrera, non procede admitir a trámite as mesmas, posto que están dacordo coa aprobación inicial e requiren un proceso de funcionarización que excede do contido propio da aprobación inicial, sendo necesaria un procedemento específico que necesita dunha análise pormenorizada e informes preceptivos correspondentes non fundamentándose en ninguna das causas do artigo 170 do RD2/2004*

*Non obstante a corporación acordará o pertinente.”*

Considerando o disposto nos artigos A Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local: artigos 4.1, 21.1, 22.2, O RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da LEBEP, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o RD 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais e o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo Sindicato CSIF dacordo co informe de secretaría, garantindo así a seguridade xurídica e procedendo a deixar sin efecto a aprobación inicial da modificación do anexo de persoal e retrotraendo as actuacións ata o momento da convocatoria dunha nova Mesa Xeral de Negociación que garanta o establecido no artigo 152 da Lei de emprego público de Galicia.

**SEGUNDO.-** Desestimar as alegacións presentadas por Unión Sindical Obrera conforme informe de secretaría, posto que non procede admitir a trámite as mesmas por estar dacordo coa aprobación inicial e posto que a esixencia dun proceso de funcionarización excede do contido propio da aprobación inicial, sendo necesaria un procedemento específico que necesita dunha análise pormenorizada e informes preceptivos correspondentes non fundamentándose en ningunha das causas do artigo 170 do RD2/2004.

**TERCEIRO.** Deixar sin efecto a aprobación inicial da modificación do anexo de persoal e publicar no BOP.

**CUARTO .**Notificar aos interesados y comunicar aos departamentos de Intervención, Tesourería e Persoal aos efectos oportunos.”

Na primeira rolda de intervencións, a voceira do PP, Sra. Carrillo recrimina que parece mentira que en plena pandemia se levase a cabo unha reunión deste tipo sen contar co sindicato maioritario.

O voceiro de APIN, pregunta cal é o problema, ao que o Sr Alcalde responde que está todo no expediente e reflexado no informe de secretaría.

Finalizado o debate sométese a votación , acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 do PSOE e 2 do PP

Votos en contra: 0

Abstencións:2 APIN

Polo que o pleno da Corporación , por maioría absoluta (10 votos) , acorda:

**“PRIMEIRO.-** Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo Sindicato CSIF dacordo co informe de secretaría, garantindo así a seguridade xurídica e procedendo a deixar sin efecto a aprobación inicial da modificación do anexo de persoal e retrotraendo as actuacións ata o momento da convocatoria dunha nova Mesa Xeral de



981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Negociación que garanta o establecido no artigo 152 da Lei de emprego público de Galicia.

**SEGUNDO.-** Desestimar as alegacións presentadas por Unión Sindical Obrera conforme informe de secretaría, posto que non procede admitir a trámite as mesmas por estar dacordo coa aprobación inicial e posto que a esixencia dun proceso de funcionarización excede do contido propio da aprobación inicial, sendo necesaria un procedemento específico que necesita dunha análise pormenorizada e informes preceptivos correspondentes non fundamentándose en ningunha das causas do artigo 170 do RD2/2004.

**TERCEIRO.** Deixar sin efecto a aprobación inicial da modificación do anexo de persoal e publicar no BOP.

**CUARTO .**Notificar aos interesados y comunicar aos departamentos de Intervención, Tesourería e Persoal aos efectos oportunos."

#### **5. PROPOSTA PLENARÍA PARA APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO USO DAS INSTALACIÓN CULTURAI E DEPORTIVAS DO CONCELLO DE PONTECESO. EXPD: 2020/X999/000265.**

Por parte de Alcaldía dase a palabra á Sra Secretaria, que procede a ler a proposta ditaminada favorablemente na comisión informativa de asuntos xerais, que no seu teor literal di:

#### **ORDENANZA REGULADORA DO USO DAS INSTALACIÓNS CULTURAI E DEPORTIVAS DO CONCELLO DE PONTECESO.**

D. Xosé Lois Garcia Carballido, alcalde-presidente do Concello de Ponteceso, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Por providencia da alcaldía do 19.06.2020 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación do regulamento do uso das instalación culturais e deportivas do Concello de Ponteceso, tendo en conta as novas necesidades que se plantexan , para mellorar a eficacia e eficiencia no funcionamento dos servizos e adaptalo á nova normativa.

Logo de ver o proxecto de regulamento do uso das instalación culturais e deportivas do Concello de Ponteceso redactado polos servizo de cultura e deportes.

Logo de ver o informe xurídico de secretaría do 19.06.2020

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Visto que se efectuou o trámite de consulta previa entre os días 23.06.2020 e 8.07.2020 e que durante este prazo non se presentaron alegacións ou suxerencias, conforme informe da encargada de rexistro do 9.07.2020

Tendo en conta a capacidade de autoorganización das Corporacións Locais, recoñecida polos artigos 4 e 20.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, 24.b) do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como a Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a regulamento do uso das instalacións culturais e deportivas do Concello de Ponteceso, que se achega coa proposta como ANEXO

**SEGUNDO.-** Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado.

## ANEXO

**Regulamento do uso das instalacións culturais e deportivas do Concello de Ponteceso.**

## PREÁMBULO

A práctica da actividade física e o deporte revélase como unha das mellores ferramentas de protección da saúde, mellora da calidade de vida e integración social do individuo.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

A formación e cultura física dos cidadáns, cada vez maior, xera un incremento notable da demanda de servizos e infraestruturas deportivas de calidade no Concello de Ponteceso, motivo por o cal, a política deportiva do Concello de Ponteceso diríxese, entre outros obxectivos, cara a construción de novos equipamentos deportivos e o incremento das súa oferta de servizos de actividade física e deportiva co obxecto da facer fronte a crecente demanda dos cidadáns.

A propia Constitución Española, a través do seu artigo 43, apartado 3, recoñece a transcendencia do deporte a o dispoñer que “ os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a adecuada utilización do ocio”.

Por outra banda, o artigo 25.2 l da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sinala que os municipios exercerán en todo caso competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Do mesmo xeito a Constitución de 1978 recoñece a todos os cidadáns o dereito para participar nos asuntos públicos (artículo 23) e, consecuentemente con iso, establece tamén a obriga dos poderes públicos de promover e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Así mesmo o artigo 25.2.m) da Lei 7/85, de dous de abril, de bases de réxime local determina como competencia municipal a promoción da cultura e equipamentos culturais.

As ditas instalacións foron creadas para a protección, fomento e desenvolvemento das actividades culturais, de formación e recreativas, en xeral, a actividade cultural que pretenda exercitar calquera persoa.

As instalacións deportivas municipais constitúen o equipamento básico que garante a prestación dos servizos deportivos por o Concello de Ponteceso, cuxo obxectivo fundamental é a tutela da saúde pública a través de medidas preventivas e a prestacións de servizos necesarios, así como fomentar a educación física e o deporte e facilitar a adecuada utilización do ocio.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Preténdese con este proxecto cumprir cos obxectivos arriba sinalados, co obxecto de facer fronte a crecente demanda dos cidadáns.

O proxecto de regulamento estruturase nun título preliminar, que regula as disposicións xerais, un título primeiro que recolle as normas xerais de uso das instalacións municipais, un título segundo que establece disposicións específicas e un título III que prevé o réxime sancionador.

## **TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais**

### **Artigo 1º. Obxecto**

Constitúe o obxecto deste regulamento establecer o funcionamento das instalacións culturais e deportivas de titularidade do Concello de Ponteceso.

## **Título I. Normas xerais do uso das instalacións municipais**

### **Artigo 2º. Acceso**

O acceso a estas instalacións municipais, calquera que sexa o motivo, supón a aceptación e o cumprimento das normas establecidas neste regulamento.

### **Artigo 3º. Prioridade**

As actividades organizadas polo Concello de Ponteceso terán prioridade absoluta na ocupación destes edificios.

### **Artigo 4º. Usuarios**

Aos efectos deste Regulamento, considéranse persoas usuarias:

- a) As que de forma individual ou colectiva utilizan as instalacións municipais, así coma os/as acompañantes e espectadores.

### **Artigo 5º. Título habilitante**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Para ter opción a usalas é necesario ter a correspondente autorización municipal. A autorización quedará supeditada ao uso solicitado axustándose ás condicións e aos horarios autorizados. O uso das instalacións durante un certo período non comporta ningún dereito adquirido.

### **Artigo 6º. Solicitud**

A solicitude realizarase conforme ao formulario existente na sede electrónica deste concello ou nos departamentos correspondentes e que se achega no Anexo I deste regulamento. Esta solicitude comportará a aceptación da presente normativa, e non implica, en ningún caso a reserva anticipada da instalación.

A solicitude supón o pago da taxa regulada na Ordenanza Fiscal nº 19 reguladora da taxa por utilizar as instalacións deportivas e/ou culturais municipais e por prestar servizos deportivos, culturais e turísticos, publicada no BOP nº 193 do 9.10.2012, ou ordenanza fiscal vixente no seu momento.

### **Artigo 7º Dereitos dos usuarios**

Son dereitos dos usuarios:

- a) Ter acceso a seguinte información sobre os servizos municipais:
  - 1.- a oferta de servizos e a súa forma de acceso
  - 2.- as instalacións e os equipos dispoñibles
  - 3.- Os horarios de prestacións do servizo.
  - 4.- A lista de taxas, prezos públicos ou tarifas vixentes.
  - 5.- A suspensión dos servizos ou calquera incidencia que se produza.
- b) Dispoñer de instalacións e equipamentos deportivos e culturais en boas condicións de uso e accesibles a persoas con algunha discapacidade.
- c) Coñecer a identidade do persoal baixo cuxa responsabilidade se presta o servizo e ser atendidos con respecto e cortesía por parte do persoal que o presta.
- d) Recibir o servizo por persoal cualificado.
- e) Formular calquera suxerencia, reclamación ou queixa e ser contestado no prazo establecido.

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- f) Exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto dos seus datos persoais, segundo o establecido na normativa de protección de datos de carácter persoal.
- g) Utilizar as instalacións nas condicións que garantan a protección da saúde e seguridade, conforme a normativa reguladora.
- h) Esixir o cumprimento deste Regulamento por medio dos empregados e responsables da xestión dos centros.
- i) A devolución da taxa, prezo público ou tarifa aboada, no caso de incumprimento dos servizos, nos supostos e termos previstos no seu acordo regulador. O Concello de Ponteceso resérvase o dereito de anular, por causas xustificadas, o uso autorizado. Neste caso, habería unha devolución das taxas ou un cambio de data a convir.

#### **Artigo 8º. Deberes dos usuarios.**

Son deberes dos usuarios das instalacións:

- a) Será responsable do uso da instalación a entidade/representante ou o/a particular que asine a solicitude.
- b) Para a comodidade de todos/as e para tratar de promover uns valores ambientais, o tempo de utilización da auga e da luz será o estritamente necesario.
- c) Os/as usuarios/as respectarán as normas sobre o uso axeitado do equipamento e do mobiliario das instalacións, deixándoas nas mesmas condicións que antes de ser usadas e velando pola súa limpeza e hixiene. O material empregado quedará recollido e colocado.

#### **Artigo 9º. Prácticas prohibidas para os usuarios:**

No interior das instalacións queda prohibido:

- a) impedir ou obstruír o normal funcionamento das instalacións municipais (verbal, accións e escrito)
- b) Realizar calquera tipo de actos que ocasione danos ás instalacións deportivas municipais ou calquera dos seus elementos.
- c) Impedir o uso da instalación deportiva ou cultural ou calquera dos seus elementos a outros usuarios.

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- d) Realizar calquera actividade económica lucrativa
- e) fumar, consumir substancias psicotrópicas e /ou alcol.
- f) Comer nos espazos non habilitados.
- g) Introducir frascos de cristal ou similares, que supoñan risco para calquera persoa que estea na instalación.
- h) O acceso a animais, agás os cans-guía ou os expresamente autorizados.
- i) Outras accións incívicas como: chuspir, tirar lixo, introducir petardos e materiais perigosos, prender fogo, etc.
- j) Patinar, xogar e/ou quentar con balóns ou outros obxectos na gradaría, vestiarios, baños, corredores e zonas comúns. En xeral, a realización de xogos, as prácticas perigosas e/ou todos aqueles actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o transcorrer das actividades.
- k) Realizar reportaxe fotográficos ou de vídeo nos vestiarios e/ou aseos.
- l) Ceder ou prestar o dereito de uso dos espazos municipais con reserva a terceiras persoas ou entidades sen autorización expresa.

### Artigo 10º. Orde e funcionamento do servizo

- a) O persoal da instalación será o responsable de facer cumprir as normas e poderá, se é o caso, expulsar do recinto a quen as incumpra.
- b) Unha vez obtida a autorización, o non uso reiterado do concedido ou a diminución significativa na participación, significará a anulación da autorización, previa escoita dos afectados.
- c) O Concello de Ponteceso non será responsable das lesións que poida sufrir o/a usuario/a salvo que deriven do mal estado da instalación ou dos bens adscritos a esta conforme á normativa xeral sobre responsabilidade das administración públicas. Todo accidente que se produza nas instalacións será comunicado antes de abandonala.
- d) O Concello de Ponteceso non se fará responsable da desaparición de obxectos persoais dos usuarios/as dentro das instalacións. Os obxectos recollidos nos vestiarios ou en calquera outro recuncho da instalación serán custodiados polos empregados municipais, durante un prazo máximo de 15 días. Se nese



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Pontecesos (A Coruña)

prazo non son reclamados polo seu propietario/a, entregaranse a unha entidade benéfica.

Os obxectos de valor serán entregados á Policía Local.

## TITULO II. DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS

### Capítulo I. Escolas culturais e deportivas

#### Artigo 11º. Orde e funcionamento

- a) O/A menor deberá ser entregado ao monitor/a. No caso de suspensión da actividade ou de calquera outro imprevisto, avisarase con antelación na medida do posible.
- b) Os pais, nais, titores non poden estar presentes durante o transcurso das clases para un mellor funcionamento das mesmas.
- c) Puntualidade na entrega e recollida dos nenos/as.  
Nas causas de forza maior onde o pai, nai ou titor cheguen tarde a recoller ó neno/a, este quedará a cargo do bedel da instalación.
- d) Os participantes serán recollidos polo pai, nai, titor ou quen estes autoricen. Poderán saír sos con autorización expresa (dos titores).
- e) Nas competicións deportivas, xornadas de exhibición, etc. o/a participante ten unha vestimenta específica polo que, de non querer levala e/ou mercala, non participará na competición ou exhibición, sen embargo poderá asistir ás clases.
- f) Nos adestramentos e nas competicións, cada neno/a levará a súa auga co seu nome.

### Capítulo II. Reserva do uso dos pavillóns, da pista de pádel e do Edificio das Escolas

#### Artigo 12. Acceso

No uso libre dos pavillóns é necesario ter cumpridos os 14 anos, no caso de que alguén menor desta idade queira usar a instalación deberá facelo acompañado dunha persoa maior de idade, que será o/a responsable. A solicitude sempre a fará un adulto/a.





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

### **Artigo 13. Deberes dos usuarios**

Vestir o calzado e a indumentaria axeitada á modalidade deportiva practicada e ao pavimento.

### **Artigo 14º. Orde no reparto de horarios**

Á hora do reparto dos horarios terán preferencia:

- 1.A finalidade propia da instalación.
- 2.As entidades federadas inscritas no rexistro de asociacións municipais do Concello de Ponteceso.
3. As entidades non federadas inscritas no rexistro de asociacións municipais do Concello de Ponteceso.
4. Uso libre por parte de grupos non formais de persoas e particulares do Concello de Ponteceso.
5. As entidades federadas alleas o Concello de Ponteceso.
6. As entidades non federados alleas o Concello de Ponteceso.
7. Uso libre por parte de grupos non formais de persoas e particulares alleos o Concello de Ponteceso.

No caso de coincidencia de prioridades primará o número de entrada no rexistro municipal.

### **Artigo 15 . Seguro de responsabilidade civil**

A organización de calquera actividade ou evento, así coma a prestación de servizos, estarán suxeitas á obrigatoria subscrición polo organizador/a ou prestador/a dos servizos dun contrato de seguro de responsabilidade civil polos danos que se lles poidan ocasionar ás persoas usuarias, aos participantes ou a calquera outra persoa como consecuencia da actividade desenvolva.

Este seguro de responsabilidade civil será presentado coa solicitude.

### **Titulo III. Réxime sancionador**

#### **Artigo 16. Normas xerais**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Considéranse infraccións administrativas as accións e omisións tipificadas conforme a lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común e respectando o Título XI da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

### **Artigo 17. Faltas moi graves**

Consideraranse como faltas moi graves:

1. Agredir ao persoal das instalacións, adestrador/a, monitor/a ou a outros/as usuarios/as con dano físico.
2. Que se adopten aptitudes de acoso físico, moral ou sexual que poidan considerarse moi graves.
3. Provocar co seu comportamento a suspensión dalgunha actividade (pelexas, revoltas, falsas alarmas).
4. Quebrantadas sancións impostas.
5. Causar danos (pintar, rachar, raiar, etc...) nas instalacións ou en materiais intencionada ou imprudentemente con deterioro grave con custo de reparación superior aos 1501 €.
6. Roubar nas instalacións ou a calquera usuario/a.
7. Acceder ás instalacións, dependencias ou vestiarios sen permiso.
8. Incumprimento das normativas de seguridade.
9. Ser sancionado pola comisión de tres faltas graves nun período dun ano

### **Artigo 18 . Faltas Graves**

Consideraranse como faltas graves:

1. Ameazar, coaccionar, ou realizar actos vexatorios de palabra ou de obra ao persoal, adestrador/a, monitor/a ou a outros/as usuarios/as das instalacións.
2. Insultar, ofender ou facer caso omiso das indicacións do persoal das instalacións, monitores/as, adestradores/as.
3. Agredir a algún/a usuario/a, cando dilo non resulte dano físico.
4. Causar danos sen intencionalidade nas instalacións ou nos materiais.
5. Emporcar intencionadamente as instalacións.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

6. En xeral tódalas conductas que atenten de maneira grave á disciplina, ou boa orde, e ao respecto cos demais usuarios/as e o persoal.
7. Causar danos (pintar, rachar, raiar, etc...) nas instalacións ou materiais das instalacións intencionada ou imprudentemente con deterioro grave con custo de reparación entre os 601 e os 1500 €.
8. A reiteración ou reincidencia nas faltas leves.

### Artigo 19. Faltas Leves

Consideraranse faltas leves:

1. Protestar as decisións do persoal das instalacións.
2. Adoptar unha actitude pasiva ou negligente no cumprimento das instrucións do persoal das instalacións, adestradores/as, monitores/as.
3. Dirixirse ao persoal das instalacións, adestradores/as, monitores/as ou outros/as usuarios/as con expresións de menosprezo, ou cometer actos de desconsideración cara eles tales como ameazas, coaccións, ofensas.
4. Xogar perigosamente ou realizar bromas imprudentes que poidan causar danos propios ou alleos.
5. A ausencia reiterada e sen xustificación nas actividades inscritas.
6. Causar danos (pintar, rachar, raiar, etc...) nas instalacións ou materiais das instalacións intencionada ou imprudentemente con deterioro leve con custo de reparación entre os 600 e 1 €.
7. Facer un uso incorrecto das instalacións e materiais das instalacións.
8. O/as usuarios/as que inducisen a outros/as á realización de actos ou conductas constitutivas de falta disciplinaria ou cooperen na súa execución, incorrerán na mesma responsabilidade que estes.
9. Tamén aqueles usuarios/as que encubran a outros/as de faltas consumadas, sendo a súa sanción menor que a da falta.

### Artigo 20º. Sancións

Sancións disciplinarias.

1. As sancións teñen carácter educativo, preventivo e correctivo, e a súa imposición terá sempre como finalidade o manter o interese xeral e o prestixio das instalacións.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

2. Pola razón das faltas as que se refire este Regulamento poderanse impor as seguintes sancións:

- a) Suspensión da condición de usuario/a das instalacións de 1 a 5 anos.
- b) Suspensión da condición de usuario/a das instalacións de 3 meses a 1 ano.
- c) Suspensión da condición de usuario/a das instalacións de 7 días a 3 meses.
- d) Apercibimento.
- e) Reposición ou reparación dos danos causados.

As sancións a) será imposta só por faltas moi graves. As sancións do apartado b) poderán imporse pola comisión de faltas graves. As faltas leves soamente poderán ser corrixidas coas sancións que se sinalan nos apartados c) e d). E por último a sanción e) poderase impor por calquera falta cometida.

Son causas eximentes o caso fortuíto e a forza maior.

Son circunstancias atenuantes:

- No ter sido sancionado en ningunha ocasión.
- Ha de ter precedido, inmediatamente á comisión da falta provocación suficiente.
- Ha de ter procedido o/a culpable, por arrepentimento espontáneo a reparar ou diminuír os efectos da falta, e a dar satisfacción ao/á ofendido/a ou a confesar aquela.

Son circunstancias agravantes:

- Ser reincidente. Existe reincidencia cando o/a autor/a da falta foi sancionado con anterioridade por outra de análoga natureza, ou outra castigada con igual ou maior sanción ou por dúas ou máis castigadas con sanción menor.
- As sancións de suspensión, afectan ás condicións pola que foron impostas e tamén para o uso de tódalas instalacións e servizos da mesma en calquera outra circunstancia.
- As sancións de reparación ou reposición, abonaranse ou solucionaranse dentro dos trinta días seguintes a notificación do fallo. No suposto dun usuario que pertenza a un club ou colectivo, será este o responsable subsidiario do mesmo, ou solidaria e mancomunadamente as persoas que realmente empregaron as instalacións ou servizos co sancionado.

## Artigo 21 . Responsables

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Serán responsables das infraccións quen as cometan.

Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, e non sexa posible determinar o grao de participación de cada unha, responderán todas de forma solidaria, conforme o establecido na lei de procedemento administrativo común.

## **Artigo 22. Reposición e indemnización**

Con independencia das sancións que poidan impoñerse por os feitos tipificados neste regulamento, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ó seu estado anterior, con indemnización de danos e prexuízos causados.

## **Artigo 23. Procedemento.**

A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, correspondendo a imposición de sancións ao Concello de Ponteceso, a través dos órganos competentes conforme a lei 7/85, de 2 abril, reguladora de bases de réxime local, sen prexuízo dos acordos de delegacións de competencias.

## **Artigo 24. Prescrición de infraccións e sancións.**

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.
2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano.

## **DISPOSICIÓNS FINAIS**

Primeira.- O Alcalde do Concello de Ponteceso ditará as instrucións precisas para a execución do Regulamento, sen prexuízo de delegación conforme o artigo 44 do RD 2586/1986

Segunda.- O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado no texto íntegro e o acordo no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo previsto no artigo 7

981 71 40 0

981 71 50 2

concello@p

P1506900H

01150682

MU 2000/15



Tel.:

Fax:

E-mail:

CIF:

REL. :

RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## Anexo I

### SOLICITUDE DO USO DAS INSTALACIÓNS CULTURAIS E DEPORTIVAS

D/

D<sup>a</sup>: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Entidade: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

DNI/CIF: \_\_\_\_\_ Teléfono:

\_\_\_\_\_

Enderezo:

\_\_\_\_\_

Correo electrónico:

\_\_\_\_\_

### SOLICITO

A instalación

\_\_\_\_\_

para \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

o/os día/as \_\_\_\_\_ do mes/meses

de \_\_\_\_\_

no horario de

\_\_\_\_\_

981 71 40 0

981 71 50 2

concello@p

P1506900H

01150682

MU 2000/15



Tel.:

Fax:

E-mail:

CIF:

REL. :

RELG.:

## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Outras

observacións: \_\_\_\_\_

—

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Achego a seguinte documentación ( requirida segundo o caso ):

- Copia do CIF/DNI
- Seguro de responsabilidade civil
- Estatutos e acta fundacional no caso de entidades non rexistradas no Concello
- Xustificante de entidade federada
- Taxa correspondente

Ponteceso, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

(Sinatura)

### SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO

Non sendo necesario debate, sométese a votación, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 do PSOE

Votos en contra : 0

Abstencións: 4 (2 PP e 2 APIN)

Polo que o pleno, por maioría absoluta, acorda:

### ANEXO

**Regulamento do uso das instalacións culturais e deportivas do Concello de Ponteceso.**

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## PREÁMBULO

A práctica da actividade física e o deporte revélase como unha das mellores ferramentas de protección da saúde, mellora da calidade de vida e integración social do individuo.

A formación e cultura física dos cidadáns, cada vez maior, xera un incremento notable da demanda de servizos e infraestruturas deportivas de calidade no Concello de Ponteceso, motivo por o cal, a política deportiva do Concello de Ponteceso diríxese, entre outros obxectivos, cara a construción de novos equipamentos deportivos e o incremento das súas oferta de servizos de actividade física e deportiva co obxecto da facer fronte a crecente demanda dos cidadáns.

A propia Constitución Española, a través do seu artigo 43, apartado 3, recoñece a transcendencia do deporte a o dispoñer que " os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a adecuada utilización do ocio".

Por outra banda, o artigo 25.2 l da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sinala que os municipios exercerán en todo caso competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Do mesmo xeito a Constitución de 1978 recoñece a todos os cidadáns o dereito para participar nos asuntos públicos (artículo 23) e, consecuentemente con iso, establece tamén a obriga dos poderes públicos de promover e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Así mesmo o artigo 25.2.m) da Lei 7/85, de dous de abril, de bases de réxime local determina como competencia municipal a promoción da cultura e equipamentos culturais.

As ditas instalacións foron creadas para a protección, fomento e desenvolvemento das actividades culturais, de formación e recreativas, en xeral, a actividade cultural que pretenda exercitar calquera persoa.



981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

As instalacións deportivas municipais constitúen o equipamento básico que garante a prestación dos servizos deportivos por o Concello de Ponteceso, cuxo obxectivo fundamental é a tutela da saúde pública a través de medidas preventivas e a prestacións de servizos necesarios, así como fomentar a educación física e o deporte e facilitar a adecuada utilización do ocio.

Preténdese con este proxecto cumprir cos obxectivos arriba sinalados, co obxecto de facer fronte a crecente demanda dos cidadáns.

O proxecto de regulamento estruturase nun título preliminar, que regula as disposicións xerais, un título primeiro que recolle as normas xerais de uso das instalacións municipais, un título segundo que establece disposicións específicas e un título III que prevé o réxime sancionador.

## **TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais**

### **Artigo 1º. Obxecto**

Constitúe o obxecto deste regulamento establecer o funcionamento das instalacións culturais e deportivas de titularidade do Concello de Ponteceso.

## **Título I. Normas xerais do uso das instalacións municipais**

### **Artigo 2º. Acceso**

O acceso a estas instalacións municipais, calquera que sexa o motivo, supón a aceptación e o cumprimento das normas establecidas neste regulamento.

### **Artigo 3º. Prioridade**

As actividades organizadas polo Concello de Ponteceso terán prioridade absoluta na ocupación destes edificios.

### **Artigo 4º. Usuarios**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Aos efectos deste Regulamento, considéranse persoas usuarias:

- b) As que de forma individual ou colectiva utilizan as instalacións municipais, así coma os/as acompañantes e espectadores.

### **Artigo 5º. Título habilitante**

Para ter opción a usalas é necesario ter a correspondente autorización municipal. A autorización quedará supeditada ao uso solicitado axustándose ás condicións e aos horarios autorizados. O uso das instalacións durante un certo período non comporta ningún dereito adquirido.

### **Artigo 6º. Solicitud**

A solicitude realizarase conforme ao formulario existente na sede electrónica deste concello ou nos departamentos correspondentes e que se achega no Anexo I deste regulamento. Esta solicitude comportará a aceptación da presente normativa, e non implica, en ningún caso a reserva anticipada da instalación.

A solicitude supón o pago da taxa regulada na Ordenanza Fiscal nº 19 reguladora da taxa por utilizar as instalacións deportivas e/ou culturais municipais e por prestar servizos deportivos, culturais e turísticos, publicada no BOP nº 193 do 9.10.2012, ou ordenanza fiscal vixente no seu momento.

### **Artigo 7º Dereitos dos usuarios**

Son dereitos dos usuarios:

- b) Ter acceso a seguinte información sobre os servizos municipais:
  - 1.- a oferta de servizos e a súa forma de acceso
  - 2.- as instalacións e os equipos dispoñibles
  - 3.- Os horarios de prestacións do servizo.
  - 4.- A lista de taxas, prezos públicos ou tarifas vixentes.
  - 5.- A suspensión dos servizos ou calquera incidencia que se produza.
- b) Dispoñer de instalacións e equipamentos deportivos e culturais en boas condicións de uso e accesibles a persoas con algunha discapacidade.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- c) Coñecer a identidade do persoal baixo cuxa responsabilidade se presta o servizo e ser atendidos con respecto e cortesía por parte do persoal que o presta.
- d) Recibir o servizo por persoal cualificado.
- e) Formular calquera suxerencia, reclamación ou queixa e ser contestado no prazo establecido.
- f) Exercer os dereitos de acceso, rectificación , cancelación e oposición respecto dos seus datos persoais, segundo o establecido na normativa de protección de datos de carácter persoal.
- g) Utilizar as instalacións nas condicións que garantan a protección da saúde e seguridade, conforme a normativa reguladora.
- h) Esixir o cumprimento deste Regulamento por medio dos empregados e responsables da xestión dos centros.
- i) A devolución da taxa, prezo público ou tarifa aboada, no caso de incumprimento dos servizos, nos supostos e termos previstos no seu acordo regulador. O Concello de Ponteceso resérvase o dereito de anular, por causas xustificadas, o uso autorizado. Neste caso, habería unha devolución das taxas ou un cambio de data a convir.

**Artigo 8º. Deberes dos usuarios.**

Son deberes dos usuarios das instalacións:

- d) Será responsable do uso da instalación a entidade/representante ou o/a particular que asine a solicitude.
- e) Para a comodidade de todos/as e para tratar de promover uns valores ambientais, o tempo de utilización da auga e da luz será o estritamente necesario.
- f) Os/as usuarios/as respectarán as normas sobre o uso axeitado do equipamento e do mobiliario das instalacións, deixándoas nas mesmas condicións que antes de ser usadas e velando pola súa limpeza e hixiene. O material empregado quedará recollido e colocado.

**Artigo 9º. Prácticas prohibidas para os usuarios:**

No interior das instalacións queda prohibido:

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- m) impedir ou obstruír o normal funcionamento das instalacións municipais (verbal, accións e escrito)
- n) Realizar calquera tipo de actos que ocasione danos ás instalacións deportivas municipais ou calquera dos seus elementos.
- o) Impedir o uso da instalación deportiva ou cultural ou calquera dos seus elementos a outros usuarios.
- p) Realizar calquera actividade económica lucrativa
- q) fumar, consumir substancias psicotrópicas e /ou alcol.
- r) Comer nos espazos non habilitados.
- s) Introducir frascos de cristal ou similares, que supoñan risco para calquera persoa que estea na instalación.
- t) O acceso a animais, agás os cans-guía ou os expresamente autorizados.
- u) Outras accións incívicas como: chuspír, tirar lixo, introducir petardos e materiais perigosos, prender fogo, etc.
- v) Patinar, xogar e/ou quentar con balóns ou outros obxectos na gradaría, vestiarios, baños, corredores e zonas comúns. En xeral, a realización de xogos, as prácticas perigosas e/ou todos aqueles actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o transcorrer das actividades.
- w) Realizar reportaxe fotográficos ou de vídeo nos vestiarios e/ou aseos.
- x) Ceder ou prestar o dereito de uso dos espazos municipais con reserva a terceiras persoas ou entidades sen autorización expresa.

#### **Artigo 10º. Orde e funcionamento do servizo**

- e) O persoal da instalación será o responsable de facer cumprir as normas e poderá, se é o caso, expulsar do recinto a quen as incumpra.
- f) Unha vez obtida a autorización, o non uso reiterado do concedido ou a diminución significativa na participación, significará a anulación da autorización, previa escoita dos afectados.
- g) O Concello de Ponteceso non será responsable das lesións que poida sufrir o/a usuario/a salvo que deriven do mal estado da instalación ou dos bens adscritos a esta conforme á normativa xeral sobre responsabilidade das

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

administración públicas. Todo accidente que se produza nas instalacións será comunicado antes de abandonala.

- h) O Concello de Ponteceso non se fará responsable da desaparición de obxectos persoais dos usuarios/as dentro das instalacións. Os obxectos recollidos nos vestiarios ou en calquera outro recuncho da instalación serán custodiados polos empregados municipais, durante un prazo máximo de 15 días. Se nese prazo non son reclamados polo seu propietario/a, entregaranse a unha entidade benéfica.

Os obxectos de valor serán entregados á Policía Local.

## TITULO II. DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS

### Capítulo I. Escolas culturais e deportivas

#### Artigo 11º. Orde e funcionamento

- g) O/A menor deberá ser entregado ao monitor/a. No caso de suspensión da actividade ou de calquera outro imprevisto, avisarase con antelación na medida do posible.
- h) Os pais, nais, titores non poden estar presentes durante o transcurso das clases para un mellor funcionamento das mesmas.
- i) Puntualidade na entrega e recollida dos nenos/as.  
Nas causas de forza maior onde o pai, nai ou titor cheguen tarde a recoller ó neno/a, este quedará a cargo do bedel da instalación.
- j) Os participantes serán recollidos polo pai, nai, titor ou quen estes autoricen. Poderán saír sos con autorización expresa (dos titores).
- k) Nas competicións deportivas, xornadas de exhibición, etc. o/a participante ten unha vestimenta específica polo que, de non querer levala e/ou mercala, non participará na competición ou exhibición, sen embargo poderá asistir ás clases.
- l) Nos adestramentos e nas competicións, cada neno/a levará a súa auga co seu nome.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## **Capítulo II. Reserva do uso dos pavillóns, da pista de pádel e do Edificio das Escolas**

### **Artigo 12. Acceso**

No uso libre dos pavillóns é necesario ter cumpridos os 14 anos, no caso de que alguén menor desta idade queira usar a instalación deberá facelo acompañado dunha persoa maior de idade, que será o/a responsable. A solicitude sempre a fará un adulto/a.

### **Artigo 13. Deberes dos usuarios**

Vestir o calzado e a indumentaria axeitada á modalidade deportiva practicada e ao pavimento.

### **Artigo 14º. Orde no reparto de horarios**

Á hora do reparto dos horarios terán preferencia:

- 1.A finalidade propia da instalación.
- 2.As entidades federadas inscritas no rexistro de asociacións municipais do Concello de Ponteceso.
3. As entidades non federadas inscritas no rexistro de asociacións municipais do Concello de Ponteceso.
4. Uso libre por parte de grupos non formais de persoas e particulares do Concello de Ponteceso.
5. As entidades federadas alleas o Concello de Ponteceso.
6. As entidades non federados alleas o Concello de Ponteceso.
7. Uso libre por parte de grupos non formais de persoas e particulares alleos o Concello de Ponteceso.

No caso de coincidencia de prioridades primará o número de entrada no rexistro municipal.

### **Artigo 15 . Seguro de responsabilidade civil**

A organización de calquera actividade ou evento, así coma a prestación de servizos, estarán suxeitas á obrigatoria subscrición polo organizador/a ou prestador/a dos servizos dun contrato de seguro de responsabilidade civil polos danos que se lles



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

poidan ocasionar ás persoas usuarias, aos participantes ou a calquera outra persoa como consecuencia da actividade desenvolta.

Este seguro de responsabilidade civil será presentado coa solicitude.

### **Titulo III. Réxime sancionador**

#### **Artigo 16. Normas xerais**

Considéranse infraccións administrativas as accións e omisións tipificadas conforme a lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común e respectando o Titulo XI da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

#### **Artigo 17. Faltas moi graves**

Consideraranse como faltas moi graves:

1. Agredir ao persoal das instalacións, adestrador/a, monitor/a ou a outros/as usuarios/as con dano físico.
2. Que se adopten aptitudes de acoso físico, moral ou sexual que poidan considerarse moi graves.
3. Provocar co seu comportamento a suspensión dalgunha actividade (pelexas, revoltas, falsas alarmas).
4. Quebrantalar sancións impostas.
5. Causar danos (pintar, rachar, raiar, etc...) nas instalacións ou en materiais intencionada ou imprudentemente con deterioro grave con custo de reparación superior aos 1501 €.
6. Roubar nas instalacións ou a calquera usuario/a.
7. Acceder ás instalacións, dependencias ou vestiarios sen permiso.
8. Incumprimento das normativas de seguridade.
9. Ser sancionado pola comisión de tres faltas graves nun período dun ano

#### **Artigo 18 . Faltas Graves**

Consideraranse como faltas graves:

1. Ameazar, coaccionar, ou realizar actos vexatorios de palabra ou de obra ao persoal, adestrador/a, monitor/a ou a outros/as usuarios/as das instalacións.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

2. Insultar, ofender ou facer caso omiso das indicacións do persoal das instalacións, monitores/as, adestradores/as.
3. Agredir a algún/a usuario/a, cando dilo non resulte dano físico.
4. Causar danos sen intencionalidade nas instalacións ou nos materiais.
5. Emporcar intencionadamente as instalacións.
6. En xeral tódalas conductas que atenten de maneira grave á disciplina, ou boa orde, e ao respecto cos demais usuarios/as e o persoal.
7. Causar danos (pintar, rachar, raiar, etc...) nas instalacións ou materiais das instalacións intencionada ou imprudentemente con deterioro grave con custo de reparación entre os 601 e os 1500 €.
8. A reiteración ou reincidencia nas faltas leves.

### Artigo 19. Faltas Leves

Consideraranse faltas leves:

1. Protestar as decisións do persoal das instalacións.
2. Adoptar unha actitude pasiva ou negligente no cumprimento das instrucións do persoal das instalacións, adestradores/as, monitores/as.
3. Dirixirse ao persoal das instalacións, adestradores/as, monitores/as ou outros/as usuarios/as con expresións de menosprezo, ou cometer actos de desconsideración cara eles tales como ameazas, coaccións, ofensas.
4. Xogar perigosamente ou realizar bromas imprudentes que poidan causar danos propios ou alleos.
5. A ausencia reiterada e sen xustificación nas actividades inscritas.
6. Causar danos (pintar, rachar, raiar, etc...) nas instalacións ou materiais das instalacións intencionada ou imprudentemente con deterioro leve con custo de reparación entre os 600 e 1 €.
7. Facer un uso incorrecto das instalacións e materiais das instalacións.
8. O/as usuarios/as que inducisen a outros/as á realización de actos ou conductas constitutivas de falta disciplinaria ou cooperen na súa execución, incorrerán na mesma responsabilidade que estes.
9. Tamén aqueles usuarios/as que encubran a outros/as de faltas consumadas, sendo a súa sanción menor que a da falta.





CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## Artigo 20º. Sancións

Sancións disciplinarias.

1. As sancións teñen carácter educativo, preventivo e correctivo, e a súa imposición terá sempre como finalidade o manter o interese xeral e o prestixio das instalacións.

2. Pola razón das faltas as que se refire este Regulamento poderanse impor as seguintes sancións:

- a) Suspensión da condición de usuario/a das instalacións de 1 a 5 anos.
- b) Suspensión da condición de usuario/a das instalacións de 3 meses a 1 ano.
- c) Suspensión da condición de usuario/a das instalacións de 7 días a 3 meses.
- d) Apercibimento.
- e) Reposición ou reparación dos danos causados.

As sancións a) será imposta só por faltas moi graves. As sancións do apartado b) poderán imporse pola comisión de faltas graves. As faltas leves soamente poderán ser corrixidas coas sancións que se sinalan nos apartados c) e d). E por último a sanción e) poderase impor por calquera falta cometida.

Son causas eximentes o caso fortuíto e a forza maior.

Son circunstancias atenuantes:

- No ter sido sancionado en ningunha ocasión.
- Ha de ter precedido, inmediatamente á comisión da falta provocación suficiente.
- Ha de ter procedido o/a culpable, por arrepentimento espontáneo a reparar ou diminuír os efectos da falta, e a dar satisfacción ao/á ofendido/a ou a confesar aquela.

Son circunstancias agravantes:

- Ser reincidente. Existe reincidencia cando o/a autor/a da falta foi sancionado con anterioridade por outra de análoga natureza, ou outra castigada con igual ou maior sanción ou por dúas ou máis castigadas con sanción menor.
- As sancións de suspensión, afectan ás condicións pola que foron impostas e tamén para o uso de tódalas instalacións e servizos da mesma en calquera outra circunstancia.
- As sancións de reparación ou reposición, abonaranse ou solucionaranse dentro dos trinta días seguintes a notificación do fallo. No suposto dun usuario que pertenza a un



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

club ou colectivo, será este o responsable subsidiario do mesmo, ou solidaria e mancomunadamente as persoas que realmente empregaron as instalacións ou servizos co sancionado.

### **Artigo 21 . Responsables**

Serán responsables das infraccións quen as cometan.

Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, e non sexa posible determinar o grao de participación de cada unha, responderán todas de forma solidaria, conforme o establecido na lei de procedemento administrativo común.

### **Artigo 22. Reposición e indemnización**

Con independencia das sancións que poidan impoñerse por os feitos tipificados neste regulamento, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ó seu estado anterior, con indemnización de danos e prexuízos causados.

### **Artigo 23. Procedemento.**

A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro , de procedemento administrativo común, correspondendo a imposición de sancións ao Concello de Ponteceso, a través dos órganos competentes conforme a lei 7/85, de 2 abril, reguladora de bases de réxime local, sen prexuízo dos acordos de delegacións de competencias.

### **Artigo 24. Prescrición de infraccións e sancións.**

3. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.
4. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano.

981 71 40 0

981 71 50 2

concello@p

P1506900H

01150682

MU 2000/15



Tel.:

Fax:

E-mail:

CIF:

REL. :

RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- O Alcalde do Concello de Ponteceso ditará as instrucións precisas para a execución do Regulamento, sen prexuízo de delegación conforme o artigo 44 do RD 2586/1986

Segunda.- O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e o texto íntegro e o acordo no Boletín Oficial da Provincia e teña transcurrido o prazo previsto no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

## Anexo I

### SOLICITUDE DO USO DAS INSTALACIÓNS CULTURAIS E DEPORTIVAS

D/  
D<sup>a</sup>: \_\_\_\_\_

Entidade: \_\_\_\_\_

DNI/CIF: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

### SOLICITO

981 71 40 0

981 71 50 2

concello@p

P1506900H

01150682

MU 2000/15



Tel.:

Fax:

E-mail:

CIF:

REL. :

RELG.:

## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

### A instalación

para \_\_\_\_\_

o/os día/as \_\_\_\_\_ do mes/meses

de \_\_\_\_\_

no horario de

Outras

observacións: \_\_\_\_\_

Achego a seguinte documentación ( requirida segundo o caso ):

- Copia do CIF/DNI
- Seguro de responsabilidade civil
- Estatutos e acta fundacional no caso de entidades non rexistradas no Concello
- Xustificante de entidade federada
- Taxa correspondente

Ponteceso, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

(Sinatura)

**6. PROPOSTA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DEFINITIVA DO LISTADO DE PERSOAS DEMANDANTES DE VIVENDAS SOCIAIS EN RÉXIME DE ALUGUER. EXPD: 2020/X998/000014.**

**ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DO LISTADO DE DEMANDANTES DE VIVENDAS SOCIAIS EN RÉXIME DE ALUGUER. EXPD: 2020/X998/000014**

Contamos no Concello de Ponteceso coa relación de demandantes de vivenda inscritos no Rexistro Único de Demandantes de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia.

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL.:  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de data 13-11-2017, autoriza a desafectación das vivendas dos mestres, números 10 e 12, sitas na Rúa Colexio ,Ponteceso, segundo o informe asinado polo secretario acctal. Emilio Caínzos Quintás, con data do 09 de marzo de 2018, que consta no expediente.

En base á Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases para a concesión das subvencións para a rehabilitación das antigas vivendas de mestres, O Concello de Ponteceso solicita a subvención para a rehabilitación da vivenda nº 10, con referencia Catastral 8876505NH0887N0001DX.

Mediante Resolución do 17 de xullo de 2018 o Instituto Galego de Vivenda e Solo concede ao Concello de Ponteceso a subvención para a rehabilitación da antiga vivenda dos mestres nº 10.

Con esta subvención rehabilitáronse os dous pisos da vivenda nº 10, de titularidade municipal garantindo o cumprimento dos requisitos básicos de funcionalidade, seguranza, habitabilidade e/ou accesibilidade.

Tendo en conta que por acordo plenario do 25.05.2020 aprobouse o prego de cláusulas que regulará a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, sitas no edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos Mestres, en réxime de aluguer.

Tendo en conta a publicación no BOP nº 77 o 1.06.2020.

Tendo en conta as solicitudes presentadas e informe de valoración emitido por a Traballadora Social o 2.07.2020.

Logo de ver o Decreto nº 386/2020 do 2.07.2020 no que se aproba a listaxe provisional conforme ao informe redactado polos Servizos Sociais ca seguinte orde:

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**Persoa Admitida:**

*Dna. Marta Castiñeira Pose DNI 32817025G*

**Persoa Excluída:**

*Dna. Lucelia Cándida de Sousa DNI 49681153A (por non cumprir con punto 2-3º Prego das bases que rexen o concurso para a adxudicación das vivendas sociais municipais, en réxime de aluguer).*

Logo de ver que o listaxe provisional foi publicado na páxina web do Concello así como no taboleiro de edictos durante o prazo de 10 días hábiles, durante o cal non se presentaron alegacións ou reclamacións.

Considerando o previsto no epígrafe quinto das bases que rexiren a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, sitas no edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos Mestres, en réxime de aluguer.

**Propoño ao Pleno da Corporación:**

**PRIMEIRO.** Elevar a definitivo o listado de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de aluguer dacordo co seguinte orde:

**Persoas Admitidas:**

Dna. Marta Castiñeira Pose DNI 32817025G

**SEGUNDO:** Notificar aos interesados e aqueles que resulten beneficiarios indicarlles que no prazo de dez días naturais acepten formalmente a adxudicación e se comprometan a formalizar o contrato no prazo que se sinala.

**TERCEIRO:** Comunicar as persoas demandantes para a formalización da axudicación conforme o correspondente contrato de arrendamento.

981 71 40 0

981 71 50 2

concello@p

P1506900H

01150682

MU 2000/15



Tel.:

Fax:

E-mail:

CIF:

REL. :

RELG.:

**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**CUARTO.** Reabrir o procedemento en aras de cubrir as dúas vivendas sociais, e publicar estes pregos no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web polo prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación.

**QUINTO:** Comunicar ao departamento de Servizos Sociais para que rematado o prazo da presentación de solicitudes, se proceda á valoración dos criterios de adxudicación das vivendas co obxecto de determinar o listado preferencial de persoas beneficiarias e se continúe coa xestión do procedemento.

Por parte de Alcaldía ábrese o debate dando a palabra á voceira do PP, Sra Carillo que comeza dicindo que lévase un retraso de 10 meses respecto da adxudicación das vivendas sociais. Indícalle ademais que sería preciso seguramente cambiar as bases, posto que existen certos criterios (como resulta ser o do empadramento) que poden ser moi restrictivos.

Por parte do voceiro de APIN indícase que non necesita intervir,

O Sr Alcalde fai uso da palabra dicindo que o proceso de adxudicación é longo, e aclara que as bases están ben feitas e xa lle foron pedidas por outros concellos.

Con esta proposta unha das vivendas xa queda adxudicada e a outra apertúrase de novo o prazo para poder cubrila.

A voceira do PP, Sra. Carrillo dille ao alcalde que non venda fume dado que non é esa a razón de que se tardase máis de 10 meses.

Non sendo necesarias máis intervencións, sométese a votación, acadando o seguinte resultado.

Votos a favor: unanimidade

Polo que o pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Elevar a definitivo o listado de persoas demandantes de vivendas sociais en réxime de aluguer dacordo co seguinte orde:

**Persoas Admitidas:**

Dna. Marta Castiñeira Pose DNI 32817025G

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**SEGUNDO:** Notificar aos interesados e aqueles que resulten beneficiarios indicarlles que no prazo de dez días naturais acepten formalmente a adxudicación e se comprometan a formalizar o contrato no prazo que se sinala.

**TERCEIRO:** Comunicar as persoas demandantes para a formalización da axudicación conforme o correspondente contrato de arrendamento.

**CUARTO.** Reabrir o procedemento en aras de cubrir as dúas vivendas sociais, e publicar estes pregos no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web polo prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación.

**QUINTO:** Comunicar ao departamento de Servizos Sociais para que rematado o prazo da presentación de solicitudes, se proceda á valoración dos criterios de adxudicación das vivendas co obxecto de determinar o listado preferencial de persoas beneficiarias e se continúe coa xestión do procedemento.

**7. MOCIÓN DE URXENCIA:PROPOSTA PLENARIA .Asunto: Aprobación do convenio tipo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso á diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais.**

Por parte da Sra. Secretaria indícase que con carácter previo ao seu debate deberán aprobar por maioría absoluta a urxencia da súa inclusión. Sométese a votación e a urxencia e apreciada por unanimidade.

De seguido exponse a moción, cuxo contido literal é :

Tendo en conta a proposta de "Convenio tipo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da Convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categoría dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais", rexistrado no Concello de Ponteceso con data 20.07.2020 e núm. de RE 20200000000994.

Visto o informe xurídico de secretaría do 23.07.2020.

Considerando o disposto á colaboración interadministrativa nos artigos 27, 55 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 39/2015 , de



981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, Lei 4/2017, do 20 de abril, de coordinación de policía locais e demais normativa de aplicación.

Considerando a atribución concedida ao alcalde e ao Pleno polo artigos 21.1 e 22.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

Propoño ao Pleno da Corporación, , a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio tipo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da Convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza da Xunta de Galicia así como a Academia Galega de Seguridade Pública e facultar á Sr. Alcalde para a sinatura do correspondente convenio de colaboración e demais actuacións precisas para a execución deste acordo.

Non se precisa debate.

Finalizado o debate sométese a votación, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (8 PSOE, 2 PP e 2 APIN)

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Polo que o pleno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio tipo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da Convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza da Xunta de Galicia así como a Academia Galega de Seguridade Pública e facultar á Sr. Alcalde para a sinatura do correspondente



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

convenio de colaboración e demais actuacións precisas para a execución deste acordo.

## **8.MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE A BAIXADA DE SOLDADO AO ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO.**

Procédese a leer o contido da moción por o voceiro de APIN-SON , Sr Pose Verdes, que no seu teor literal di:

“José Manuel Pose Verdes, concelleiro e portavoz de APIN-SON no Concello de Ponteceso, ao amparo do disposto no artigo 97, apartado 3 do RD 2568/1986, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais ,por medio da presente

### **EXPÓN**

Que dada a situación pola que estamos a pasar, onde moita xente perdeu o seu salario, é preciso, máis que nunca, estar ao lado dos vecinos e veciñas porque, tal e como manifesta o Sr. Alcalde eso é o máis importante.

Comentou o Sr. Alcalde en diferentes ocasións que mentres o Concello tivese débedas el non cobraría un salario do Concello pero curiosamente no pleno de organización da presente lexislatura propuxo, e o pleno aprobou, un salario para o Alcalde que é o máximo permitido pola lei (47.758,30 mais antigüidade), por certo cunha sustancial diferenza do resto dos seus compañeiros e compañeiras do equipo de goberno.

No momento que se aprobou dito salario o concello tiña débedas pero si as comparamos co 30 de xuño deste ano vemos que estas se dispararon.

Vexamos:

1.- Facturas sin respaldo presupuestario ao final da anterior lexislatura: 0.00 €

Facturas sin respaldo presupuestario a 30 de xuño de 2020 :450.000€

2 Tempo medio que se tarda en pagar as facturas no Concello ao final da lexislatura:  
20 dias

Tempo medio que se tarda en pagar as facturas a 30 de marzo 75 dias.

Se a isto engadimos que hai moitas partidas xa sin orzamento e nos ingresos hai partidas que, con toda probabilidade , non se recaudará o presupuestado, o panorama tornase negro.

Imos poner uns exemplos:

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Na partida para a enerxía eléctrica do alumeadado público quedan 10.000€ e fan falta como mínimo para rematar o ano 120.000€

Nos ingresos por ICIO hai orzamentados 80.000 € e levamos recaudado 4.000€

Hai moitas partidas sin saldo e outras están xa comprometidas polo tanto , como vais facer para pasar estes 6 meses?.

Para o alcalde o problema eran os socios de goberno na anterior lexislatura pero as contas non din a mesmo, si nos fixamos na evolución das mesmas desde o ano 2015 vemos que co tripartito o concello camiñaba cara ao equilibrio e a partir de 2019 volvemos aos tempos de antes pero a máis velocidade.

Nun ano, o despilfarro, a corrupción e o “ deixademe a min que Eu o xestiono” fan que o concello volva a estar dentro dos que hai que vixiar de cerca

Bríndamoslle a oportunidade de que aclare a situación e demostre que o seu goberno é por e para as veciñas e vecinos de Ponteceso e máis na situación que vivimos actualmente

POR TODO O ANTERIOR O GRUPO MUNICIPAL DE APIN-SON PRESENTA A SEGUINTE PORPOSTA AO PLENO DO CONCELLO DE PONTECESO PARA A SÚA DISCUSIÓN E APROBACIÓN SI PROCEDE:

Que o Alcalde do Concello de Ponteceso pase a cobrar un salario bruto de 36.000€ coa antigüidade incluída , que estimamos é un salario digno para un alcalde dun concello de 5500 habitantes.

De seguido o Sr Alcalde indica que hai que votar a urxencia e aclara que o goberno vai propoñer o voto en contra da urxencia, porque esto soamente é un zasca ao alcalde que non vai arranxar ningún dos problemas do Concello.

Votos a favor: 5 PSOE ( Miguel Ángel González Gómez, Raquel Fondo Pérez, Faustino Santiago Lema, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda), 2 PP e 2 de APIN-SON.

Votos en contra: 3 PSOE (Xose Lois García Carballido, Noelia María Varela Suárez e María Teresa Chouciño Calvete).

Abstencións : -----

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Apreciada a urxencia por maioría absoluta , procédese ao debate da moción.

Por parte da voceira do PP, agradece os votos a favor dos membros do Psoe e que estean dacordo .

De seguido toma a palabra o voceiro de APIN-SON, Sr. Pose Verdes. Neste momento a Sra. Secretaria pide a palabra para facer unha aclaración, que indica que con independencia da aprobación desta moción, a mesma necesitaría dunha tramitación administrativa.

Comeza a súa exposición o voceiro de APIN-SON asimilando a chegada do alcalde cun fichaxe estrela dun equipo de fútbol, no que este sería un crack.

Dille ao Alcalde que el chegou como ese fichase estrela, pero que hai un problema. Moitas veces o cracks seon moi bos pero non fan equipo e outras veces, non son tan bos pero realmente fan equipo.

Dille que está no camiño de que so vale vostede, o resto están de adorno e como a partir do 2019 o Concello vai mal dado que os datos están ahí.

Vostede oculta información e ocultaa aos seus compañeiros. Non entende esta actitude e pon como exemplo a moción do pleno anterior presentado polo PP, do que non se volveu a ter noticia ningunha.

Esta moción e unha forma de dicirle que frene, que consensúe cos seus compañeiros. Continúa dicindo que él ( referíndose ao Alcalde) veu de fora, e non quere a Ponteceso.

Por parte de Alcaldía sométese a votación a moción, acadando o seguinte resultado:  
Votos a favor:5 PSOE ( Miguel Ángel González Gómez, Raquel Fondo Pérez, Faustino Santiago Lema, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda), 2 PP e 2 de APIN-SON.  
Votos en contra: 3 PSOE (Xose Lois García Carballido, Noelia María Varela Suárez e María Teresa Chouciño Calvete).

Abstencións : -----

Polo que o pleno da corporación, por maioría absoluta de 9 votos acorda:  
Que o Alcalde do Concello de Ponteceso pase a cobrar un salario bruto de 36.000€ coa antigüidade incluída , que estimamos é un salario digno para un alcalde dun concello de 5500 habitantes.

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## PARTE CONTROL

1. **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE A NÚMERO 294/2020 DE 19- 05-2020 ATA A NÚM. 433 /2020 DE 21-07-2020**
2. **ROGOS E PREGUNTAS**

### ROGOS E PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR

Por parte do Sr Alcalde, dase a palabra á Sra. Carrillo que di que non ten rogos, e pasa a formular unhas preguntas que serán respondidas no seguinte pleno:

1ª- ¿Cando ten pensado levar a cabo a reunión sobre a moción presentada polo PP de Ponteceso sobre as medidas sociais e económicas provocadas polo crise do COVID\_19 Aprobada por unanimidades no anterior pleno ordinario?

2º-¿ En que se emprega o diñeiro enviado Xunta e Diputación da Coruña para o COVID\_19?

3º- Hai alo menos tres plenos que dixo que iba a numerar as máis de 20 casas de nova construción na parroquia de Pazos contratando una empresa. ¿Cando vai empezar co traballo de numeración?

### ROGOS DE APIN-SON

De seguido toma a palabra o Sr. Pose Verdes, que procede a formular os seguintes **rogos**:

1. Roga ao Sr. Alcalde para que conteste no Pleno a que se debeu o cese de competencias do Concelleiro Faustino Santiago Lema.
2. Roga ao Sr. Alcalde para que explique que foi da moción presentada polo Partido Popular e logo consensuada entre os tres partidos políticos.

Por parte do Sr. Alcalde daselle a palabra a Sr. Secretaria para que por cuestión de orde aclare o que un rogo, polo que procede a leer literalmente o artigo 54.1 do ROM que di:

*“o rogo é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno”*

981 71 40 0  
981 71 50 2  
concello@p  
P1506900H  
01150682  
MU 2000/15



Tel.:  
Fax:  
E-mail:  
CIF:  
REL. :  
RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Indícaselle que non son rogos e que son preguntas, polo que se lle pregunta se os quere manter para o vindeiro pleno.

O Sr. Pose Verdes indica que non, que desiste dos mesmos e que formula o seguinte rogo:

1. Roga que execute a moción presentado polo PP no anterior pleno e consensuada por los 3 partidos políticos.

De seguido pasa a formular as seguintes PREGUNTAS:

1 ¿Por qué non se publicou o último pleno?. O Sr. Alcalde dalle a palabra a Sra. Secretaria por unha cuestión de orde, que aclara que o pleno ordinario do 25.05.2020 celebrouse de forma telemática pero a grabación da mesma saíu mal e en mala calidade e con imaxes conxeladas, polo que se decidiu publicar o audio e a acta do mesmo con se ven facendo habitualmente.

2 ¿Como se están a facer as contratacións de persoal laboral? ¿Faise oferta pública? ¿Fanse probas selectivas?

O alcalde responde que cos riscos derivados do covid -19 priorizouse por parte do Concello o sistema de concurso de méritos ou como pasou coa selección de socorritas tirar do SEPE. No resto dos casos utilizáronse as bolsas de emprego, que duran tres anos a maior parte delas. A maioría fixéronse no ano 2017, polo que estarán próximas a caducar e haberá que celebrar novas listas. O alcalde entende que se está a realizar todo dacordo coa normativa.

3.¿ Por qué non están rotulados dous coches do Concello coa rotulación oficial de a Xunta de Galicia como é preceptivo dado que se adquiriron cunha subvención da mesma ( Fondo de Compensación Ambiental)?

Responde o Alcalde que as obras subvencionadas pola Xunta, e no caso dos coches, están rotulados 1 ano. En caso de que se destrúa ese cartel ou rótulo, ou se dane pasado ese ano o Concello non gasta os cartos en repoñer carteis nin rotulacións, posto que hai cousas máis importantes.

De seguido procede a contestar as preguntas do PP pendentes do pleno anterior:

1¿ A intervención da empresa de fontanería, Carlos Busto S.L. no Tanque de tormentas de Corme, nestes últimos 4 anos foron contratadas ou autorizadas polo señor Alcalde? . No caso contrario indique por quen.

- 2 ¿A anterior referida intervención foi consecuencia dun contrato celebrado entre o Concello e a referida empresa ¿



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- 3 ¿Canto cobrou a empresa, Carlos Busto S.L., por os traballos realizados neste Concello nos anos 2015,2016,2017,2018,2019, e 2020? Identifique a persoa que supervisou a realización dos traballos e autorizou os pagos.

O Alcalde responde de forma conxunta indicando que cando o Sr. Eiroa era Concelleiro de infraestruturas fíxose un traballo moi intenso para que funcionara o tornillo estrator do tanque de tormentas, posto que non funcionaba e os elementos químicos da depuradora estropeáronse.

Antes do 2015 o Concello mandaba os residuos polo emisario e houbo unha multa considerable. A empresa xestora Espina obras hidráulicos tiña un contrato menor de tres meses (xa excedido ) de 7.000 euros mes. Esa empresa non levaba o bombeo e soamente se encargaba da xestión de residuos. A maiores a empresa Espina obras acadou unha débeda con Concello de 185.000 €. Desa débeda na anterior lexislatura foi liquidada cunha quita de 85.000 €, púxose en marcha a depuradora e fixéronse análises continuos e púxose en marcha a licitación. A empresa que vostede cita está no corazón de todas estas melloras mentras leva o tarque de tormentas e depuradora por 2.000 euros menos que levaba Espina. O proceso de licitación está en marcha cunha actualización dos pregos que está realizando a empresa OGPO e esperemos pronto traelo e publicalo.

Ante o desastre ambiental pola votada de vertidos polo emisario submarino falamos cunha empresa local para que de forma urxente, mentres non se saca a licitación. A empresa que vostede cita foi adxudicataria de varias licitacións como son a reforma das escola e o contrato subvencionado do INEGA para dotar de tres bombas de calor e eliminar os acumuladores eléctricos.O resto foron pequenas actuacións de electricidade e fontanería, que se fan con moitas empresas. Os pagos venen ao pleno en cada resolución de gastos.

Neste punto quero romper unha lanza a favor desa empresa local, dado que é unha actividade que xera moito traballo e cree que non se deben traer os nomes das empresas completos, posto que a empresa pódese sentir ameazada e cambiar o seu domicilio social.

Finalmente por unha cuestión de orde o Sr. Eiroa indica que nos rogos e preguntas existe un turno de réplica. O Alcalde dalle a palabra a Sr Secretaria que procede a ler o teor literal do artigo 54 do ROM

O Alcalde indica que non ten por costume cronometrar e o Sr Eiroa indica que o que solicita e que deixe debatir.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 20 horas e cincuenta e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria , asinando xunto co Sr. Alcalde.

O alcalde-presidente

A Secretaria

981 71 40 0

981 71 50 2

concello@p

P1506900H

01150682

MU 2000/15



Tel.:

Fax:

E-mail:

CIF:

REL. :

RELG.:

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Asdo.: Xosé Lois García Carballido.  
Dorado

Asdo; Antía Pena